

RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Data. 8 de Maio 2020

ASUNTO. Modificacións pertinentes na Programación Didáctica

O día 28/04/2020, foron publicadas pola Consellería de Educación as instrucións para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso na actual situación de estado de alarma.

Na reunión telemática da CCP, do 5 de maio, acordouse a adaptación dos criterios de avaliación e cualificación dos departamentos segundo as instrucións indicadas arriba.

En consecuencia, logo de intercambio de opinións a través de medios telemáticos por parte dos membros do departamento de Xeografía e Historia, se decidiu establecer os seguintes acordos que modifican, no que corresponde á situación actual, os establecidos no inicio do curso na Programación Didáctica:

1. A materia avanzada con posterioridade ao estado de alarma só se poderá avaliar con cualificacións que mellores a nota media obtida en consideración ás dúas primeiras avaliacións.
2. Cada un dos membros do departamento está a desenvolver unha serie de medidas de recuperación para aquel alumnado que non tivera superado as dúas primeiras avaliacións. No caso hipotético de que as autoridades sanitarias ou educativas permitiran que se retomaran as clases, coa conseguinte volta do alumnado ás clases, poderase levar a cabo este proceso de forma presencial no mes de xuño. De non producirse esta incorporación, deberase arbitrar unha solución alternativa, programando probas que se poidan realizar a distancia. En todo caso, a nota destas recuperacións, que só poderían contemplar contidos mínimos das materias avaliadas, non debería superar a cualificación de 5.
3. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes:
No caso de aquel alumnado que ate o momento do confinamento realizara probas e que nelas obtiveran cualificación positiva, a nota será mantida para a sesión de avaliación ordinaria. Aqueles que non superaran as probas parciais con anterioridade á interrupción das clases presenciais, e/ou non entregaran as tarefas propostas para recuperar materia, se lles propondrá a realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva, tendo en conta a dificultade de poder realizar por medios telemáticos probas de nivel.
 - 3.1. Criterios de avaliación: Avaliaranse as competencias imprescindibles referidas á expresión coherente dunha mensaxe escrita; a interpretación correcta de acontecementos históricos relevantes no tempo e no espazo, así como a localización de fitos xeográficos relevantes.
 - 3.2. Criterios de cualificación: Tendo en conta a excepcionalidade da metodoloxía de avaliación (que non pode contemplar as probas obxectivas que estaban programadas), a dificultade de valoración do traballo do alumnado por medios telemáticos, así como o obxectivo de avaliar só os mínimos acadados, a cualificación destes traballos realizarase cos seguintes criterios:
 - a. 20% da nota en función da entrega total ou parcial dos traballos.

- b. 50% por coñecementos
 - c. 20% por claridade de expresión
 - d. 10% capacidade de interpretación
- 3.3. Os traballos deberán ser entregados a través do Aula Virtual, o correo electrónico ou, segundo o caso, outra vía que as institucións sociais e educativas dispuxeran para casos de alumnado desconectado, polo menos con unha semana de anterioridade á data que o centro teña disposta para a sesión de avaliación.
4. O alumnado que, ata o de agora, obtivera resultados positivos nas dúas primeiras avaliacións, obterá, na ordinaria, unha media das cualificacións das probas realizadas ata o momento da interrupción das clases (13/03). Manteranse os criterios da Programación en cada curso, pero NON se incluírán para o cálculo os resultados da terceira avaliación, coas seguintes excepcións:
- 4.1. Como se indicara no punto 1, a valoración de calquera traballo ou proba que se poida realizar nesta fase non presencial poderá contribuír a superar nota, podendo ser valorados os traballos de ampliación, mellora, participación ou calquera outra observación, podendo incrementar a nota media obtida con anterioridade en, como máximo, ata 1 punto.
- 4.2. Cando a media conteña fraccións superiores ao medio punto, a nota reflectida no boletín será a do tramo inmediatamente superior. (p. ex.: 2,5 e 2,75=3)